

Resolución da Comisión designada no procedemento, convocado mediante a Orde do 17 de xaneiro de 2023, para que o profesorado do corpo, para extinguir, de profesorado técnicos de formación profesional se integre no corpo de profesorado de ensino secundario (código de procedemento ED021A) pola que se aproba e publica a relación provisional de persoas que se propoñen para a súa integración no corpo de profesorado de ensino secundario así como daquelas que se exclúen provisionalmente convocado mediante a Orde do 17 de xaneiro de 2023.

Por Orde do 17 de xaneiro de 2023 realizouse unha nova convocatoria do procedemento para que o profesorado do corpo, a extinguir, de profesorado técnicos de formación profesional se integre no corpo de profesorado de ensino secundario (código de procedemento ED021A) (DOG n.º 18, do 26 de xaneiro).

A citada orde ten por obxecto convocar un procedemento aberto que abrangue dende o 27 de xaneiro de 2023 ata o 19 de xaneiro de 2026 para que o profesorado funcionario de carreira do corpo, a extinguir, de profesorado técnicos de formación profesional, que reúna os requisitos e cumpra as condicións establecidas na citada orde, poida integrarse no corpo de profesorado de ensino secundario, de conformidade coa normativa básica establecida polo Real decreto 800/2022, do 4 de outubro.

Para estes efectos na base oitava desta convocatoria pública establécese que o órgano de instrución será unha Comisión constituída por persoal funcionario con destino na Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e na base novena regúlanse as funcións deste órgano de instrución.

A súa vez, a base décima establece que a Comisión, cada tres meses, logo de realizada a comprobación dos requisitos e condicións, ditará unha resolución pola cal se aprobará a relación provisional de persoas que se propoñen para ser integradas no corpo de profesorado de ensino secundario, así como daquelas que se exclúen por non reuniren algún dos requisitos e condicións exixidos, con especificación da causa ou causas de exclusión e a publicará no portal da internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, www.edu.xunta.gal

De conformidade coas ditas bases, e unha vez revisadas as solicitudes formuladas no marco do procedemento ED021A no período que abrangue dende o 21 de febreiro de 2025 ata o 20 de



maio de 2025, a Comisión como órgano de instrución do procedemento de integración do persoal funcionario de carreira do corpo, para extinguir, de profesorado técnicos de formación profesional, no corpo de profesorado de ensino secundario,

RESOLVE

Primeiro. Aprobar e publicar, no anexo I da presente resolución, a relación provisional, de persoal funcionario de carreira do corpo, para extinguir, de profesorado técnicos de formación profesional que se propón, previa solicitude formulada no marco do procedemento ED021A no período que abrangue dende o 21 de febreiro de 2025 ata o 20 de maio de 2025, para a súa integración no corpo de profesorado de ensino secundario con especificación da especialidade e da data de efectividade da dita integración.

Segundo. Aprobar e publicar, no anexo II da presente resolución, a relación provisional de persoal participante, que formulou solicitude no marco do procedemento ED021A no período que abrangue dende o 21 de febreiro de 2025 ata o 20 de maio de 2025, que se exclúe da súa integración no corpo de profesorado de ensino secundario, pola causa ou causas que se indican.

Terceiro. As persoas interesadas, que figuran nos citados Anexos, poderán, de conformidade coa base décima da citada orde, formular reclamación contra esta resolución, mediante o trámite de «Alegacións», que se activará para estes efectos no procedemento normalizado ED021A, no prazo de dez (10) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no citado portal da internet da consellería.

A estimación ou a desestimación das alegacións entenderase implícita na resolución pola que se aprobe a relación definitiva de persoas que se propoñen para a súa integración corpo de profesorado de ensino secundario e de persoas excluídas neste convocatoria.

Transcorrido este prazo sen que se emende a causa de exclusión e/ou se achegue a documentación preceptiva, considerarase que a persoa interesada desiste da súa petición, nos termos e condicións establecidos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela,
O presidente da Comisión
José Carlos Barros Pardo

